

COMUNICACIÓN DA FANPA SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO INICIO DOS SERVIZOS DE MADRUGA E COMEDOR

Sempre foi a vontade da FANPA seguir organizando o comedor e madrugua para o curso 2020-2021 naqueles centros dos Concellos de Pontevedra e Marín nos que xestiona ditos servizos, debido á importancia que teñen para a conciliación das familias e outras consideracións sociais.

Na reunión das ANPA dos centros con ditos servizos o pasado 4 de setembro de 2020 na sede da FANPA, acordouse que a organización dos servizos estaría condicionada a:

- Compromiso público da Consellería para compensar ás familias dos incrementos de custe dos servizos polas medidas relativas de adaptación ao contexto da COVID 19.
- Aprobación por parte da Xunta dun protocolo específico que recollese as necesidades de ambos servizos.

En canto ao primeiro punto, o novo Conselleiro de Educación comprometeuse a incrementar “de xeito significativo” os importes da subvención ós comedores organizados polas ANPA para o presente curso.

En canto ao segundo punto, onte publicouse un protocolo para comedores (de data 16/09) que non reúne os contidos mínimos que consideramos necesarios para desenvolver os servizos, sendo os principais:

- Non se inclúe o servizo de madrugua.
- Non delimita a responsabilidade das ANPA organizadoras dos servizos.
- Recollida / entrega de alumnos dos servizos pouco flexible.
- Obrigación de entregar un plano de situación dos usuarios e manterlles postos fixos, sen ter en conta que o usuarios non son os mesmos todos os días ni durante todo o curso.

A FANPA xa enviou aportacións a este documento, que se nos presentou como borrador a semana pasada, e houbo varias conversacións e reunións coa Consellería para avanzar nos cambios que se consideran necesarios, pero de momento o único protocolo aprobado é o mencionado anteriormente que non reúne os contidos mínimos requiridos.

A posta en marcha dos servizos, necesitan un prazo de entre sete e dez días para a xestión de usuarios, loxística, persoal, instalacións, etc.

Debido as consideracións anteriores, dende FANPA anunciamos a imposibilidade de que o madrugua e comedor comecen o vindeiro día 1 de outubro nos centros dos Concellos de Pontevedra e Marín con ditos servizos xestionados pola FANPA.

A petición da Xunta, hoxe enviaremos un protocolo específico para os madrugua e comedores da FANPA. **Se a Xunta o valida esta semana, os servizos poderían comezar o luns 5 de outubro.** En caso contrario tería que pospoñerse a data de comezo proposta. A data confirmarase no momento en que teñamos dita validación.

Pontevedra, 24 de setembro de 2020